

# A NOSA TERRA

IDEARIUM DAS IRMANDADES DA FALA

Redacción e Administración

Rúa Real, 36 - 1.º

A CRUÑA

Precios de Suscripción

Na Cruña, mes 40 céntimos. Fora, un ano  
6 pesetas. América, un ano 8 pesetas.

PAGOS ADIANTADOS

ANO XIII



1.º de Febreiro do 1929



Núm. 257

## AO DECORREL-OS DIAS

¡E vai de dictaduras! Unha mais, non unha nova porque as que están xurdindo son todas iguais, que acaba de aparecer en Yugoeslavia. Un forúnculo mais que lle nasceu a Europa. Eramos poucos...

Esta dictadura como outras ten a súa explicación. Unha explicación craro está caprichosa. É unha consecuencia d'esa absurda maneira que hai de facer Estados pretendendo desfacer nacións. Da ahí parte a cousa. As nacionalidades yugoeslavas, Croacia encol de todo, non podían tolerar esa pretensión de absorvel-as e matal-as e naturalmente erguéronse en protesta e para calal-a sobreviui a dictadura. Esta é a explicación.

Unha proba mais da importancia extraordinaria que ten o problema das nacionalidades oprimidas. Unha vegada mais os dous nacionalismos en loita. O nacionalismo imperialista, asoballador, vinculado nas dictaduras contemporáneas, e o nacionalismo liberador, xusto dos que queeren seren libres. Un exemplo mais despois do de Polonia, Irlanda, Checoslovaquia e tantos outros. Os dictadores servios dirán o que queiran e farán o que queiran tamén pero o que non ten volta é que esta dictadura, como todas as demais, poderá ter un tempo mais ou menos longo de duración namentras que a vitalidade, as arelas e a razón das nacionalidades asoballadas é algo eterno, humano e xeneroso que non poden desfacer nin un rei nin un xeneral nin todo un exército. A natureza fixo as cousas con unha solidez que non pode desfacer calqueira.

Pol-o demais; unha dictadura mais ¿qué importa ao mundo?

Tamén os alsacianos, na centralista Francia, erguen a súa voz e

amostran o seu particular problema. Naturalmente. E non serán os derradeiros en se quereren liberar. Ha de ir pasando o tempo e haberemos de ollar aínda moitas máis nacionalidades en pé, aínda non lles chegou a hora para falaren outo e potente. Pero xá veredes, xá veredes como non queda a cousa así. Como haberemos de saber de algunhas que non sabíamos e voltar a ouvir de outras que xa manifestaron n'outro tempo, non fai moito, as súas arelas. Xá veredes.

## Esquemas e Lembranzas

*Un Instituto d'Estudos Helénicos na Galiza. Estaría ben. Os aires do espírito soílo poden fortalecer os albres do noso bosque e o helenismo sería un vieiro máis de relación c'a Europa. Mais acarón do tempo sinxelo e paládico da Filoloxía grega—non esquecemos qu'hai na Grecia unha paixón pol-os orixes, arelas de superación do crasicismo, un Heráclito e a Argonáutica ademais do diálogo platónico—non poden faltar, baixo a sombra lanzal da Beirenguela as cátedras de Filoloxía Céltiga, que xa recramaba a Sra. Pardo Bazán pra entender aquí espírito aduviñado tras cada verso de Pindaro coma s'aduvían outros ceos tras o preciso horizonte mariño. Sin o celtismo non se poden esplicar nin os nosos orixes gardados, inmortes, na i-alma galega, nin o ser da Europa, nin o qu'é máis importante, quizais o tempo futuro. C'a Filoloxía céltiga entraría Galiza no seu circo cultural atlántico e manifestaríase a comunidade esencial da Irlanda, da Bretaña, da Galiza.*

\*\*\*

*Hai tristes e noxentas manías. Ás veces coscientemente cultivadas espresan unha torta intención. Dín algúns: «o galego débese tratar coma curiosidade arqueolóxica, sin outra finalidade, nin outra vida». Pra facer rosarios de versos líricos namentras pénsase, loitase, ámase, rézase n'outra língoa. Sería mellor esquecelo, e deixarse morrer.*

\*\*\*

*Os pobos e as arquitecturas ademiten, ás veces, términos semellantes de crasificación. Hai edificios caracterizados—negativamente—pol-o antagonismo da ornamentación c'a feitura. Muros de pedra cobertos d'azulexos relampantes. Adxetivación retórica encobriendo o sustantivo e o verbo dinámico e inmorrente da idea construtiva. Tamén hai pobos semellantes, e todos sabemos d'algún d'eles. Mais o tempo que enceta os penedos fai cair en anacos farrapentos a decoración estrana e sempre chega o día de lociren ó sol a carne, e a forza e o espírito da pedra.*

\*\*\*

*Non amaron á Galiza os Reises da Casa d'Austria. ¿Sabedes porqué? Aventuremos unha opinión: a Galiza verde, mariñán, refrensiva, lembráballes desmaziado á Europa ond'os Reises da Casa d'Austria sufriron tantos disgustos.*

\*\*\*

*Non hai tanta mudanza nos tempos. Un exemplo. Dinantes cando saía da estación do Norte de Madrid o mesmo correo pra Santander, Asturias e Galiza, os que viñan pra eiquí metíanse de boa en calquer dos outros coches. Aínda rixe unha idea neboenta do Norte e do Noroeste. Pois agora a xefatura organizadora do turismo pra Galiza reside en Santander.*

\*\*\*

*O diálogo dos laranxeiros. Acarón do*

*vello laranxeiro petrucial do pazo pranta ron un probe laranxeiriño chegado entre palla den d'a horta valenciá.—«Vou morrer co ista néboa; no meu país os laranxeiros borrachos de lús apenas teñen mais que froles e froitos apaixonados».—«Aixiña te decatarás da paixón, nova pra tí d'ista terra. Eiquí mans brancas collen as nosas froles e a chuvia, nosa amiga, vístenos d'un verdecer garimoso». Aixiña o laranxeiro valenciá diu froitos d'ouro e animou as suas põlas un zume de terra nai.*

\*\*\*

*A vella candonga voltou pro seu logar. Inda agardaba por ela a probe casiña escamastrada e as leiras frolecentes todalas primaveiras. Por primeira vez desde fuxiu da aldea, a probe muller síntese leda, e apañando herba no lameiro atópase consoada pol-o infundo perdón que lle concede a paisaxe.*

\*\*\*

*Hai na historia galega un instante de grande door e ledicia a un tempo. Os esquirtores debían fixarse n'il pra coller no posibre a emoción d'aquiles momentos. Foi door i-espranza de parto: a formación de Portugal.*

\*\*\*

*É posibre un vivir galego sin a relación inmediata c'a campía? Inda que non téñamos grande cidade eu coido que será posibre dentro d'algún tempo. Cando haxa creado un clima de cultura (en todol-os camiños do pensamento e traducindo a flor d'outras culturas) que consinta un vivir espíritoal galego pr'os que non sintan a necesidade da aldea.*

\*\*\*

*O grande medo á morte amostrase nos luxosos cemiterios dos pobos novos e ricos. Lembrade a homilde beleza do cemiterio de Sant-Yago.*

RAMÓN OTERO PEDRAYO

## A Academia Gallega

Os académicos señores Rodríguez González, Castillo e Martínez Morás dirixiron unha exposición á diretiva da Academia propoñendo a celebración do centenario Murguía-Rosalía idea que lanzou no «Pueblo Gallego» o noso irmán Villar Ponte. A Academia tomou en consideración a proposta e a xusgar pol-as notas oficiosas publicadas na prensa atópase entusiasmada co-a idea e disposta a traballar n'ela.

Folgámonos moito da noticia e cobizamos que o acerto vaia aparelado co entusiasmo.

---

Fai tempo hai nomeados diversos académicos de número que aínda non fixeron o seu ingreso. Lembrámonos pol-o pronto de Otero Pedrayo, Risco, Villar Ponte, Pan de Soraluze e García Acuña. Rogamos ao consello directivo da Academia indique á eses señores a necesidade de que ingresen axiña pois non hai dereito a deixar transcurrir tanto tempo. Sabemos que algúns dos citados teñen xa preparado o seu traballo de ingreso e pol-o tanto non tén porque demorarse mais. Rogamos dilixencia como tamén para cubrir algunhas vacantes que eisisten e ¡por Deus! que non se repitan as falcastruadas feitas hasta agora. Escóllanse cuidadosamente os elixibres que aínda hai moitos que teñen méritos sobrados para elo e están esquecidos. Castelao por exemplo e aínda mais. Recomendamos, a insistencia non está de mais, moito tino e acerto.

Outra cousa. O señor García Acuña coidamos perdeu os dereitos ao marcharse ao extranxeiro. Póñase isto en craro e si os perdeu noméese axiña o sustituto.

---

A Academia Galega tén no seu poder os orixinás de moitas produccions de Pondal que o noso bardo deixou inéditas. Entre elas os manuscritos do gran poema «Os Eoas». Fai tempo xá comenzárase a seleccional-os e poñel-os en limpo para proceder á súa imprentación.

¿Pódese saber por que non se rematou esa labor?

Por tratarse d'unha cuestión que ten unha extraordinaria importancia para as letras galegas, hoxe frorecentes como nunca, coídamos nós que non se debe demoral-a un momento mais.

Compre que a Academia imprima aitividade ou reanude a selección si ésta foi interrompida para dar axiña á luz as obras inéditas do excelso Pondal.

A ese propósito van éstas verbas e como recordación á Academia que n'este asunto, como n-outros vaise descuidando mais da conta.

## No cerne dos Pirineos

ENCOL DO RENACIMENTO DAS  
LITERATURAS REXIONAES NO MIDI  
FRANCÉS

### I

Mentras pra tomar o sol gabean pol-os montes afincadas nas carqueixas, istas viliñas pirenaicas levan nos beizos a cántiga salvaxe do seu *patois* benquerido. Unha fala diptongada e ondeante levada da man por unha musicalidade prolongada e primitiva; un gascón que defire de val en val e cambea de monte a monte como cambea a frora asegún estea na solaina ou no sombrizo. Parez que tales infleicións, de levísima diferenza de unha a outra banda, se manteñen apegadas á terra como os feitos, ou ós carballos revellidos como os ouricelos musgosos; e non se poden nin con moito unificar.

Esta Franza que sorprende pol-a xentileza con que vela á Europa os seus probremas íntimos sabe mellor que moitos pobos do renacemento glorioso das línguas rexionaes. O *felibrixado* anda a facer rexas campañas de espallamento da idea da propia conservación e a sua xenerosidade básase precisamente pol-a paradoxa esposta tantas veces—no seu pulo de universalidade. *Sur tout et la terre, dans tous les Etats*, falou en Ban-

heres-de-Luchóun (sic) o *felibre majourau* M. B. Sarrieu, *toute langue local soit libre, soit honorée, soit cultivée et maintenu par un respect et une estime reciproques de toutes les formes et de toutes les œuvres de la personnalité humaine*.

O felibrixado fundou a «Escola dos Piri-neos» agrupamento de homes puxantes que teñen por rol manter e soerguer a língoa gascona de Cominges e de Couserans conservando as tradicións e usos e termando de desenvolver a vida de ista *region naturelle et historique* que abrangue os vales centro-pirenaicos como os do Adour e o Ariexe, os *Hautes Pyrénées* e o *Haute-Garonne* cáseque hastra as portas de Toulouse. Pubrica «L'Escolo deras Pirineos», revistas e almanaques, orgaiza festas e concursos, premia colleitas folklóricas, celebra actos públicos de sona e con derivazóns locais fai a sua laboura tradizoal e de futuro.

As mulleres van diante da *opera magna*. A lembranza de Mistral glorioso mostrándolles como o xenio da língoa garda a sua inmortalidade, guía a total-as *nacionalidades meridionaes* (M. Raymond Lizop): A Proenza, o Languedoc, o Rosellón, a Gascuña, o Limosín e a Auvernia e saúdanse auxiliándose xurdios e trunfales:

*De la Provence au ciel d'azur,  
des Pyrénées aux blanches cimes  
vous êtes venus dans nos murs  
propager votre œuvre sublime;  
faire revivre le passé,  
garder la langue de nos pères  
les vieux usages délaissés,  
les naïfs refrains des grand'meres.*

O lema vivificador *¡Toustem gascons!* sempre gascóns, preside as arelas dos felibres de «L'Escolo» inscrito no arco-da-vella, pacífico e cordial que aperta á estrela de sete pinchos e bebe as suas côres nas ásperas fervenzas pirenaicas.

Eu vos contarei...

ABEL DEMO

Marignac, Xaneiro, de 1929.

## CON FERREÑAS E PANDEIRO

Un xornal galego dixo fai pouco que mentras non amostremos ás gentes como somos e onde vivimos, o nome de «gallego» será un termo despectivo.

Esto faimè saber que pol-o mundo non se sabe onde vivimos os galegos; i é unha vergoña para o mundo, e cuasi unha vergoña maior para min, que non puiden decátarme deica agora da supina ignorancia mundial.

Pero eu non me aníño ante tamaña desgracia; sin ser un des-tendido non fuxo do perigro. Eu quero axudar a desfacer a névoa que embaza a intelixencia humana! Cómo? Calquera home, desos que se chaman prácticos, sahiría pol-o mundo adiante, i en cidades, vilas i aldeias, cun enorme altavoz, diría ás gentes: A Galiza está situada no extremo occidental da península ibérica; limita ao N. co Cantábrico, ao W. co Atlántico, a S. con Portugal, ao E... pero, e si os que o escoitasen non souberan onde está o Atlántico nin o Cantábrico nin a Fonte Miñá? Porque si o mundo non sabe onde viven os galegos, a ignorancia ten de sere muita, que o non saber, como o saber, andan decote acompañados.

Ademais non se trata de ensinar ao mundo onde vivimos, hai que decírlle tamén como somos, i a dificultade aumenta. Non só porque os pobos i as nazóns estean ategadas de gentes atrasadas, mais si tamén tendo en conta que, a ensinanza que dese as gentes, tería que sere eminentemente practica, e para facerlles ver como somos, o altavoz non lle ia a servire de nada, e veríase obrigado a bailarlles a muífeira e cantarlles o alalá con aturuxo e todo, para darlles a ideia mais cumprida posibel.

Verdade amigo Marcos, que che sería difícil enseñares ao mundo como somos i onde vivimos?

O meu procedemento é mais sinxelo, aínda que unha miguiña anticuado. Eu usaría as latas de sardiñas. É un sistema que se parece as escopetas de pistón: mui antigas; pero mui seguras. As latas de sardiñas poden ter un poder taumatúrgico para decírlle ao mundo: aquí estamos nós! Unha sardiña ben escabechada pode valer pol-o millor altavoz, pol-o alalá mais dórido e pol-a muífeira millor repinicada.

As sardiñas galegas consumense en Francia, en Inglaterra, en Italia... e naturalmente, levan os membretes en italiano, inglés, francés... Pero logo tu, Marcos amigo, poste a pensar, e lembraste de que soupeche de Champaña, pol-o champán; de Vich, pol-o salchichón; de Holanda, pol-o queijo de bola; e de Rusia, pol-as cafeteras. Pois que se saiba de Galiza pol-as sardiñas, non si? Claro! I enchete de razón. Marcos, que eu ja estou como fol de gaita. Onde hai sardiñas hai mar; ja temos dous límites. Que se poñan os membretes das botellas de viño do Riveiro —puro ou millor falsificado, eh?— tamén en galego: ja temos outro límite. Que se fabriquen moitos e bons queijos e mais e millores manteigas. Que as carnes galegas enchan todol-os mercados. Que as nosas frutas cheguen a California que os poetas ultraístas sejan traducidos á sonora e rica lingua de Cervantes... e teremos as catro margens i o corpo de doctrina, con este título: «Como somos i onde vivimos».

Despois seremos ricos, e si eu o vexo fareime turista. Marcos querido, e irei pol-o mundo borreando, cheo de orgullo de ser galego, luitando ca vida a neto limpo. Sempre do Riveiro e sempre por orgullo.

Mais por si eso tarda, amigo Marcos, bota un cigarrinho... e fai o que poidas, que a nugalla ten páxinas en branco.

As páxinas i as intencións.

DAMÍL

## PENEIRANDO

Ese xornal ridículo e pernicioso que se chama «La Voz de Galicia», lamentábase fai días baixo o tíduo de «Somos gallegos y no nos entendemos», frase estúpida que aínda lembra «La Voz» como unha proba mais da sua ramploneiría, de que na Cruña aínda non se lle teña rendido un gran home-naxe a Fernández Flórez.

Estamos conformes pero non é a «Voz» a indicada para falar d'elo cando dende as suas páxinas encumbráronse ilícitamente a moitos persoaxes ridículos que vindo de fora asentaron os seus reales en Galicia. E menos aínda agora no preciso momento en que está facendo unha inusitada campaña de gabanza da novela do andalúz Xosé Más «La Costa de la muerte», e en troques non tivo nin unhas verbas para ningunha das obras galegas que derradeiramente saíron á lús entre elas, por non citar outras, «Os camiños da vida» de Otero Pedrayo, unha das millores novelas publicadas na península o derradeiro ano, «O porco de pé» de Vicente Risco, do que están falando xornás e revistas de fora de Galicia, «O Galo» do malogrado poeta Amado Carballo, «Romances galegos» de Blanco Amor e tantas outras.

¿Que dereito tén a protestar o xornal cruñés si é il o primeiro en caer no pecado que combate? Póñase d'acordo consigo mesmo e cumpra co deber que como xornal galego lle corresponde.

Un amigo noso comentando o acordo de «Lar Gallego» encol do nomeamento de socios de honor de todol-os galegos con autoridade e mando en Madride diciános que esa entidade veuse convertir n'unha verdadeira «Arca de Noé».

En Madrid están arranxando o edificio do Ministerio da Facenda e o arquiteito en-carrado das obras, que é galego, permitiuse falséar un escudo de Hespaña meténdolle

entre os campos de Castilla, León, Navarra, etc., que tén o escudo oficial, o caliz do escudo de Galicia que nunca alí figurou.

Que ganas de enmendarlle a prana a quen, ao facel-o, sabía mais que nós.

---

N'ese ridículo concurso de beleza feminina de que tanto nos falaron estes días os xornás e ao que concurriron mulleres de todas as rexións, Galicia non tivo representación. E non sería certamente porque non teñamos mulleres fermosas. Pero son nosas.

---

Tén razón *Robledo* que hai que preocuparse mais de Portugal. Antes de vosté xa o dixeron outros e nós moitas vegadas. Pero esa preocupación e agarimo hai que facel-a en galego, sabe, en galego.

---

## A tristeza de Deus

Si Deus poidera estar triste calquera que tivera ollos no espírito atoparía a causa da divina tristeza.

Todal-as mañás no abreinte erguense car'lo ceo as oracións dos pobos. Forman o mais grande concerto de humanidade, ruben cargadas de door e guiadas pol-a espranza, levando, com'un perfume sutil a esencia das ialmas. N'elas crébanse as doores e os traballos de todos os días como se creba a sede na fonte sempre fresqueira e nova. Os ceos teñen isa pureza pol-as mañás, isa pureza que non poden pintar os pintores, porque alete-xan n'il as oracións dos pobos.

El Señor gosta da variedade das linguaxes. El creou pra cada pobo unha lingoa, e soilo unha, tan propia como son o corpo e a ialma pr'o individuo. Unha lingua tendida dend'o pasado hastra o pórvir, na que teñen acougo as vellas esprencias, a casa, a paisaxe, o camiño, o traballo e a doce folganza, vaso, no que se contén a mel sugada ô longo dos séculos, a derradeira voz do home, a primeira idea do neno, o cantar de berce, o

acento do amor, coro unánime do pobo en marcha, sempre familiar e sempre disposto pra conteñer as mais sotís emociós das ialmas novas, o outo pensamento escolleito, a ialma vibradoira da raza.

El Señor creou pra se recrear a infinda variedade das lingoas. Non foi castigo o da torre de Babel. Foi, pol-o contrario, mañifesta proba da bondade divina.

El Señor que esculca ô fondo dos curazós non quer pregarías tradocidas. Atopa n'elas o pecado mais grande dos homes: a falta de sinceridade e de emoceón. Por iso cando ouve as oracións do pobo galego El Señor desconfía, e os seus representantes os santiños das catedrás, dos mosteiros, das ermidas, poñen cara de páu ás pregarías dos galegos pois no tempo en qu'eles andaban pol-o mundo falábase d'un xeito que lles chegaba ós curazos.

Ista é sin dúbida a razón de que o pobo galego non disfruite da felicidade de que é merecente, pois por culpas propias ou alleas resta grandeza á obra de El Señor.

F.

---

## COUSAS

Non teñen forza ningunha os vosos argumentos para nos convencer de que estamos trabucados. É que vós partides da falsa idea de considerer a Galicia tal e como hoxe a vedes constituída. Galicia, a verdadeira Galicia, a que nós cobizamos e pol-a que traballamos non é así. Hoxe está falseada, adulterada.

¿Pero é que sodes tan miopes que non acertades a ollar aló no mais íntimo da conciencia vital da nosa raza unha crara e contundente demostración da sua verdadeira sicoloxía?

---

Repousade un anaco, guindade de vós os prexucios antigalegos que vos roen a alma, esculcade con amor e ollaredes unha Galicia distinta e millor da que ollades na superficie. Non é difícil facel-o. Nós o fixemos

e soupemos ollar a verdadeira Galicia. Por eso de nada val que nos digades que non estamos no certo. E que vós non sentíchedes no fondo da vosa conciencia os laios de anguria da Terra que non quer morrer.

Esculcade, poñede atención e agarimo e convencerédesvos como nós nos convencimos.

Dixo Otero Pedrayo, que os galegos ou non teñen conciencia ou si a teñen non pode ser mais que galega. É todo un lumioso resume.

Eu penso que todol-os galegos teñen conciencia somentes que hai moitos que aínda non souperon apreciar o tesouro que poseen.

Porque o noso problema é un problema de conciencia, de corazón, de vontade, de sacrificio.

¿Pero entón é que vós creedes que Galicia xa cumpríu ou está cumprindo a súa misión no mundo?

Hai moitos anos que amostrou parte do que podía facer. As circunstancias obrigárona a enmudecer para facer un papel secundario pero ¿non vedes como ela quer incorporarse novamente á humanidade?

Entre Galicia e a maior parte dos galegos existe un divorcio ausoluto que constituíe un crime de lesa humanidade. Galicia quer vivir, quer ser grande, contribuir co seu intrínseco e valeroso traballo á civilización e progresos mundiás. A maior parte dos galegos, estúpidamente, empéñanse en vivir empequenecidos e truncar as aspiracións da Terra. Mais trunfará Galicia.

O trunfo de Galicia será tamén o trunfo

dos galegos e entón todos serán penitentes e sentirán o arrepentimento.

E Galicia perdoará aos impíos, aos *imbéciles i-escuros*, e acolleraos con amor n'unha Terra grande e propia.

VÍCTOR CASAS.

## D Ó A S

Ispiuse a Natureza. Xurdindo da terra, malada de tristura, son os montós d'esterco que han xermolar baixo ela n-un aborto de froito, como furunchos pretos. O labrego é o ciruxano que os talla co'a lanceta do arado. A meiciña é o bon Sol.

Os cadullos das leiras son como as ringleiras d'un prego de papel negro, pra esquirbir dreito co'a tinta branca do sudor.

Ises porcos e isas galiñas que dibuxan n-as caixas de polvos pra engrosal-o gado, lémbranme aos anaquiños de negro pra facer moita tinta por poucos cartos, e aos «cubitos Maggi» pra facer caldo sin xamón.

O chirrido do eixe dos carros é o pranto da madeira, divorciada da terra, que chora porque non pode dar froito.

Os «señoritos» das cibdades que atopan moita diferenza antre un «gallego» e un galego, tamen saberán o distingo d'un mosco e d'unha mosca, pro eu conminovos á que os diferenciades a eles dos zánganos.

ANTÓN GOY DÍAZ

## Centros Galegos

O de Barcelona, cuia vida transcurre n'unha ausoluta pasividade e secular mutismo, comenzou a publicar un orgo mensual titulado «Galicia en Cataluña». Recibimos o primeiro número que non tén nada de particular. Xa veremos si agora entra n'unha nova fase de aitividade e óllanse os froitos d'unha boa labor galeguista inspirada nas arelas reivindicadoras que actualmente Galicia sustenta.

É o único camiño e a única razón de existencia. Os de América comenzan a se iniciar por ese vieiro e a preocuparse dos problemas galegos. Todo o que non sexa eso a nós non nos interesa nin terá efectividade na vida particular das asociacións de galegos residentes fora da Terra.

En Madride fundouse unha nova asociación de galegos residentes na vila e corte. Chámase «Lar Gallego». Nomeou xa o seu Consello directivo que publicaron os xornás. Veremos tamén co tempo cal é a finalidade d'esta nova entidade galega e as orientacións que sigue. Pol-o de pronto ollamos algo que nos fai dubidar e desconfiar. Cumprindo normas regramentarias nomea presidentes e socios de honor a varios galegos destacados na vida oficial hespañola, a todol-os ex-ministros galegos e a todos aquiles que sendo orixinarios de Galicia exerzan mando e autoridade en Madrid. ¡Lagarto, lagarto!

En fin: aló veremos. Nós non podemos negar as nosas reservas mentales despois de conoser a primeira autuación d'ese novo orgaismo de galegos emigrados na corte.

---

## FOLLAS NOVAS

CANTIGAS E VERBAS AO AR,  
por XULIO SIGÜENZA.

Xulio Sigüenza, un bón poeta galego pou-

co conocido en Galicia. Dende moi novo marchou a América e primeiro en Cuba e agora no Uruguay comenza a se nos revelar. Nós conoscémol-o, temos leído moitas das suas producións en revistas editadas en América e en A NOSA TERRA téñense publicadas algunhas. Agora, en Montevideo, envía a «Nós» o orixinal d'un libro «Cántigas e verbas ao ar» que a benemérita Editorial cruñesa acaba de publicar no volumen XVI da sua colección.

Dentro d'un marco belido e cuidado, un dos mellores editados en galego, con unha fermosa e chamativa portada de Lolita Díaz Baliño, de prosapia artística, ven Xulio Sigüenza a que o conozan na sua terra. E de veras pódese decir que trae méritos sobrados para abrirse paso e conquistar nombradía.

«Cántigas e verbas ao ar» é un gran expositor de boa e refinada poesía galega.

Está divido en duas partes: 1927 e 1928. Na primeira lémbra-nos a Cabanillas pol-a dozura, forma poética e fino léxico. Na segunda amóstrase xa de cheo metido no rumbo moderno da nova poesía da que n'estes tempos apareceron diversas manifestacións. O libro vai adicado a Amado Carballo, dende logo en 1928 ousérvase a influencia ou pol-o menos a mesma escola do chorado poeta pontevedrés. Repítese un pouco nos motivos mais emporiso en cada produción deixa observar unha nova modalidade de inspiracións. Xulio Sigüenza ten méritos sobrados para figurar na vangarda do exército poético galego da hora actual. E como aínda é novo e ten entusiasmos pódenos dar aínda grandes cousas. Saludamos e celebramos con ledicia o que xa d'él conoscemos que non é pouco para sentirse orgullosa a poesía galega.

Para o libro escribiu a distinta escritora Uruguaya, filla de pai galego, Xuana Ibarbourou, un introito en galego moi interesante e delicado.

«Cántigas e verbas ao ar» debe ser leído por todol-os que teñen intrés pol-o noso renacemento literario. Sigüenza e «Nós» merecen sendas felicitacións.



## A EIREXA DE SANTA MARÍA DE MIXÓS, NÓS, 1928.

O Seminario de Estudos Galegos publicou un folleto de 32 páxinas orixinal dos seus socios señores Bouza Brey, Fontes Canal e Fernández Oxea adicado ao estudo e coñecemento d'esta eirexa encravada perto de Verín que os tres señores citados atoparon n'un viaxe de estudo por aquela comarca no pasado Setembro. Un achádego valiosísimo para a riqueza artística galega pol-o enorme valimento e intrés que a eirexa de Santa María de Mixós e as súas aras romanas encerra.

Bouza, Fontes e Oxea percatados axiña do importante descubrimento apresuráronse a estudalo con todo cariño e sin perda de tempo comunicáronlle ao Seminario en sesión celebrada o 2 de Outono.

O Seminario apresurouse a ordear a súa publicación e a Editorial «Nós» foi encarregada de dalo á publicidade con iste folleto que temos á vista e que está sendo profusamente espallado.

N'él describíense con todo esmero a situación da eirexa, o seu orixe entre os fins do século IX e comenzos do XI a súa historia e todol-os demais aspectos artísticos e arquitectónicos que a eirexa presenta. Leva tamén o folleto varias fotografías e moitas copias de inscricións que ten a eirexa. Un rematado estudo que honra aos tres citados señores e ao Seminario que con isto nos dá outra proba mais da súa preocupación por estas cousas gala da nosa historia e orgulo do noso chán que as acocha.

A nosa cordial embora aos amigos Bouza, Fontes e Oxea pol-o notabre traballo e valioso descubrimento, ao Seminario que lle deu agarimosa acollida e a «Nós» que imprentándoo contribuíu tamén a esta gran obra artística e cultural.

### A VOLTA DO BERGANTIÑÁN, por XESÚS SAN LUIS ROMERO.

Despois do éxito conquirido por San Luis Romero, a súa revelación, co estreno de «O Fidalgo» e seguidamente con «Rosña», o popular e bon poeta galego tiña enmudeci-

do. Somentes de cando en vez algún verso nas páxinas d'algunha revista decíanos que San Luis seguía producindo. Volta novamente á aitividade literaria e dá á impreña dous poemas: «A volta do Bergantiñán» e «O San Campio».

O primeiro acaba de aparecer publicado por «Nós» no seu volume XVIII. O segundo vai saír logo.

«A volta do Bergantiñán» tén toda a inspiración, sinxeleza e fermosura de toda a produción orixinal do zapateiro-poeta. Un poema de fondo patriótico, localista, exento do matiz modernista por onde anda agora encamiñada a poesía galega, pero ateigado da emoción e pureza, dous elementos que sempre deron e darán valimento á toda produción poética.

Fai un libriño de poucas páxinas que «Nós» imprentou moi ben e vende moi barato.

No actual rexurdimento da literatura galega San Luis Romero pode ter un destacado posto e por eso temos que celebrar que novamente volte ao traballo encol de todo tan ben como nos dá a entender n'este belo poema que acaba de publicar n'un libro feito que para que nada lle falte leva unha fermosa portada de Camilo Díaz que ten todo o sabor galego e acerto á que o gran dibuxante nos ten acostumbrados.

## ¡ VIVA O CELTA !

Con poucos días de difrencia o «Celta» y-o «Deportivo» viron medrar o número das súas derrotas vergoñentas coas que lles inferiu equipo de tan pouco empuxe como é o «Sevilla F. C.»

Si no peito de ises vintedous xugadores, que en tan pouca estima teñen o nome da súa terra, ardése unha miga do fogo sagrado que todo galego bon e xeneroso debe levar de cote na súa ánima, arastoras debían estar comestos pol-o remordemento de tanto aldraxe como pol-a súa culpa ten caído riba de Galicia. Mais ben dito, xa non deberían haber dado lugar a seren derrotados a reo en calquer lugar que se presenten.

Compre ter vergoña. E o menos que se lles pode pedir a xentes que viven de representar a un pobo en calqueira orde que sexa. No caso do «Deportivo», o nome e cousa que importa pouco; mais co «Celta» era cousa de ir maxinando en trocalle o nome por outro que non levase consigo tanta responsabilidade. Que se chame o «Coya», o «Balaídos», o «Infortunado», ou mellor aínda o «Asoballado F. C.», nome que responde ben a súa historia de constantes catástrofes, calqueira cousa menos que se titule representante de Galicia quen non fai nin fixo endexamais méretos pra merecelo.

Non sei por qué o «Celta» lémbrame a aquiles diputados que se decían representar a Galicia e cuia representación somentes lles servía pra darse boa vida. Aquelo finou, y-esto debe finar tamén.

A actitude do púbrico madrileño sempre de parte dos sevillanos y-en constante bulra pra os galegos, foi pra nos un consolo pois veu a confirmar que pra Madride non pasan os anos, e pra os parvos admiradores da Corte debeu de ser unha lección. Non embargante cando por Galicia aparezca calqueira colectividade madrileña sexa futbolística ou de tren botixo, non faltarán excitacións das forzas vivas pra que se lles faga agradable a estancia a os ilustres hóspedes, e xa haberá «encantiños» que se derretan a oubilos decir parbadas, e cidades que presuman de ser un pequeno Madrid.

Estamos condenados a ser un país de parvos con alma de escravos. E temos o que merecemos. ¡Viva o Celta!

BEN - CHO - SHEY

Madrid, 27 Xaneiro, 1929.



Merque

## A Lagarada

FARSADA DRAMÁTICA

por Ramón Otero Pedrayo.



## PARA BEN DA NOSA ARTE Castelao volta ô traballo

As letras galegas están d'embora. Castelao dou á prensa e axiña aparecerá editado en «Nós» un segundo libro de «Cousas» — contos e pensamentos seus ilustrados con dibuxos maxistraes — de moito maior interés aínda que o primeiro que se esgotou e do que a crítica fixera moitas e xustas gabanzas.

Nas novas «Cousas» do grande artista e pensador, mestre d'humorismo, que agora van aparecer, a i-alma da terra latexa trunfal. Castelao, verdadeiro xenio da raza, n'este volume que axiña poráse á venda, amosra unha vegada mais o seu fondo valimento. É a que agora romatou unha labouira de maturidade capaz de honrar á mais rica literatura. N'ela a nosa doce língoa atopará un novo rexo afianzamento.

Pro cando iste libro saia á lus, Castelao camiñará cara á Bretaña francesa — á irmá Bretaña — pensionado pol-a Xunta Central de Ampliación de Estudios para ensaminar cousas d'aquel país que gardan relación coas dô noso. E do que alí vexa e estude, en xeito de diario de viaxe, falará nas follas da notable revista «Nós» de Ourense. Como fixera da outra vez, cando fora, tamén pensionado, a Franza, Bélxica e Alemaña.

Istas notizas seguramente encherán de satisfacción os bós galeguistas, como nos enchen a nós.

O feito de que o imenso Castelao volte á vida aitiva, despois d'unha temporada de doroso acougo no que as rachaduras abertas na súa i-alma pol-a pouta cruel da fatalidade, sangraban a cotío, impidíndolle traballar, parécenos cousa de grande importancia. Inda a melanconía seguirá pondo brétemas mestas na súa memoria; cecais nunca o limpo ceo do seu espírito volte a se tornar azul, pro, con todo, ô entregarse de novo ô traballo conquerrá ledicias intimas que lle permitan pensar que si hai amores morredeiros, tamén os hai inmortaes, e que, para sustituir os fillos da carne existen os fillos da intelixencia.

Pol-a reintegración de Castelao á aitividade, a Galiza galega, que é a verdadeira Galiza, vota as campás a voo.

## Moimento a Rosalía

D. Manuel Casás, encargado da suscripción para lle erguer na Cruña un moimento a Rosalía, e o noso irmán Villar Ponte andiveron a falar do asunto no «Pueblo Gallego». Os dous expuxeron a súa opinión encol do que mais convén facer os cartos arrecadados.

Por se tratar d'un asunto de suma importancia para Galicia queremos nos tamén expoñer a nosa opinión.

En primeiro termo estamos d'acordo con Villar Ponte que millor que facer moimento é crear institucións de cultura.

N'este caso concreto compre primeiramente saber a opinión dos donantes que como é sabido son todos galegos emigrados. Si estes dan a súa aprobación, o millor e mais práctico sería facer un busto a Rosalía e outro a Murguía nos xardíns cruñeses. Cos cartos sobrantes, que sobrarían, poderíase crear xá en firme o premio anual Murguía-Rosalía idea que tamén expuxera Villar Ponte e para a que xa no concello cruñés hai arrecadado algún diñeiro, por certo que non se sabe nada d'él, e aínda podíase conquistar algún mais en Galicia.

Todo elo é doado de facer e así cumpriase millor co'a débeda que Galicia ten con aquela parella de galegos que tanto glorificaron e honraron a nosa terra.

Esto é o que nós coidamos mais comenente e casi podemos asegurar que esta idea contará no asentimento dos galegos emigrados. Para eso é necesario que o Sr. Casás expónalles a cousa tratando de os convencer das grandes ventaxas da idea facéndolles ver que así pensa Galicia no caso que nos ocupa.

Parécenos o mais necesario o comenar axiña esta xestión e encamiñar a ese fin os traballos por parte de quen ou quenes teñen na man a solución.

Derradeiramente e si non houbera maneira de facer esto o que debe facerse é o moimento conxunto honrando ao ilustre matrimonio pois si é certo que Rosalía meresce todol-os honores tamén o é que Murguía meréceos igualmente e porque non aproveitar ista ocasión para honrar aos dous ao mesmo tempo?

Esta é a nosa opinión que celebraríamos coincidira co'a dos señores encargados da realización do homenaxe e aos que rogamos mediten no exposto e aitiven o posibre a realización d'unha ou d'outra idea.

---

FINOUSE UN XESUÍTA ENXEBRE

### O P. Celestino G. Romero

Finóuse en Compostela o P. Celestino García Romero, da Compañía de Xesús. A pouco de se fundar as «Irmandades da Fala», n'este mesmo Boletín tivemos xustas loubanzas para aquel bó xesuíta que agora morreu.

O P. Celestino García Romero soupo dar un notabre exemplo d'enxebreza e de feliz senso pedagóxico escribindo cousas en galego n'unha revista que publicaba a Residencia dos fillos de S. Iñigo en Compostela baixo o rubro de «Catecismo de Niños y Niñas» para espallar entr'os meniños que ían á súa Catequesis.

O P. Celestino García Romero ten publicado sinxelos contos con moralexa nas ditas follas imprentadas amostradoras do seu amor á Terra e da súa lóxica concepción do ensino.

Sabía o P. Celestino García Romero que os peisanos nosos e cantos dende nenos áchanse afeitos a falaren na língoa nativa, non chegan a dominal-o castelán por non saberen ben aquela. Pois somentes o que coñece unha língoa con relativa perfeición, adprenderá outra de xeito doado. E o que non, non.

O P. Celestino García Romero fixo, pois unha boa obra, iniciou un bó camiño, ofrendándollo a todol-os cregos galegos e pol-o mesmo nós sempre imparciaes e amigos da Xusticia, laiámonos da súa morte com'a d'un bó irmán.

Iste xesuíta galego, que rindeu culto ó galego, escribindoo de bela maneira, pón-doo ó servico de contiños inxelos para os nenos nos que as cousas mais serias da relixión ían espricadas con craridade—probando así que a nosa doce e rica língoa serve para todo—é merecente da lembranza gari-mosa de cantos profesamos no galeguismo.

# O sentimento nazonalista e o Internazonalismo

Estudo presentado ó «Seminario d'Estudos Galegos» por Ramón Villar Ponte.

## A XEITO DE INTROITO

O degaro esenzalmente nazonalista, qu'é a emancipación da patria sometida á tutela ou á imposición vergoñosa de un poder alleo, tivo decote nas terras ibéricas e antre os que se dín persoeiros de tendenzas progresivas e radicaes unha rexa oposición, unha decidida e resolta enemiga cuios xustificantes, óllese a custión como se olle, se non atopan por ningures.

Asegún os aludidos, o nazonalismo é a negación das posibilidades non soio de renovación social sinón tamén política. El conducé en dereitura a impedir que xermolen as xenerosas arelas pacifistas por ises radicaes sustentadas, e que unha vegada trunfantes terían de imposibilitaren as bárbaras confragracións en que, por xeiras, a humanidade adoita a desangárese, retrasando a súa marcha progresiva e sementando de infecundas xenreiras e de infroitíferas realidades o ambiente internazonal.

Agora ben, que nada de isto é certo; que ningún dos argumentos empregados pol-os antinazonalistas radicaes que na Hespaña eisisten merece consideiración e crêto, non o temos de decire nós. Por nós o virán a deciren as afirmacións elocuentes das figuras xenuinamente repersentativas de ideoloxías avanzadas no pensamento mundial. E non soio as aludidas afirmacións virán a confirmaren a xustiza e a lexitimidade das demandas nazonalistas sinón que, ademais, o testemoio ineiscusabel de feitos que sucederan e que ao seu tempo foron recollidos pol-os axeitados órgaos de publicidade i-espallamento, serán a corroboración prena de como as reivindicacións nazonalistas foron e siguen sendo olladas por aqueles temperamentos sereos i-ecuánimes pra quenes a refreisión e o estudo repousado dos probremas constituíe ún imperativo ineludibel, imperativo que tan mal parece axeitarse con isa moi eistendida propeusión ás faladurias feitas de

memoria e sen pedire permiso ao coñecimento que correntemente se da antre hespañoes.

O nazonalismo, que como fórmula política concretada e resumida n-un programa pode amostrare tendenzas e propósitos francamente regresivos, contrarios a todo tencionamento de avance liberal e democrático, o qu'en xustiza o faguería merescedor á repulsa de todol-os partidarios de rexímenes que se afinquen n-unha ample e decisiva soberanía do pobo, ten consideirado na súa verdadeira acepción, como refrexo dos degoiros de un pobo que recrama todo o que d'él é eiscrusivo patrimonio —língua, dereito goberno, adiministración, etc. — a aprobación e o testemoio adesivo de todol-os espritos superiores, de todol-os homes ceibes que, sabendo erguêrense por encol dos prexuzos, das rutinas e dos apaixoamentos ofuscadores, decote veñen arelando a desaparición definitiva de total-as tutorías, mandatos e opresións tanto colectivas como individuais.

N-unha verba: o ideal nazonalista n-abstracto, como arela de vida ceibe que se afina n-un pobo asoballado e opreixo en todo o que fai relación ás diversas manifestacións do seu vivire, é ideal qu'endexamais puido merescere sinón a aprobación e o aprauso de todol-os homes honrados fosen do campo que fosen.

\*\*\*

Como son percisamente as grandes orgaizacións proletarias onde mais crara se manifesta a tendencia a un ilusorio pacifismo afincado no achaemento das fronteiras políticas de todol-os pobos, e como ademais se da o caso de que a consecoenza de un la-

(Continuaráse)